

O Concello de Pobra de Brollón aproba por unanimidade a proposta dos socialistas para pedir a Xunta que declare “Festa de Interese Turístico Galego” o entroido do Oso de Salcedo

O Grupo do PSOE agradece a colaboración e o apoio da Corporación, pois “estamos diante dunha petición que xa se fixera hai seis anos, pero da que nunca tivemos resposta por parte do Goberno galego”

Esta iniciativa dá continuidade ao traballo emprendido por Vicente Docasar quen, no día de onte, tamén trasladou esta demanda á Directora Xeral de Turismo, no Parlamento de Galicia, e que incluía tanto o recoñecemento para esta festividade como a que cada ano se celebra en Chantada

A POBRA DE BROLLÓN, 18 DE MARZO DE 2015.- O Concello de Pobra de Brollón vén de aprobar por unanimidade a moción presentada polo Grupo municipal Socialista para pedir á Xunta de Galicia a declaración do entroido do Oso de Salcedo como “Festa de Interese Turístico Galego”. Dado o éxito acadado, os edís do PSOE agradecen a colaboración e o apoio da Corporación, pois “estamos diante dunha petición que xa se fixera hai seis anos, pero da que nunca tivemos resposta por parte do Goberno galego”.

Esta iniciativa dá continuidade ao traballo emprendido polo deputado autonómico -Vicente Docasar- quen, no día de onte, tamén trasladou esta demanda á Directora Xeral de Turismo – Nava Castro-, no Parlamento de Galicia, e que incluía tanto o recoñecemento para esta festividade como a que cada ano se celebra en Chantada.

A este respecto, os socialistas queren destacar publicamente “o compromiso do compañeiro Docasar, pois cremos que se trata dunha categoría que ambos os dous entroidos o merecen, tanto pola súa antigüidade, como polas súas características únicas, así como polo traballo que levan feito os veciños para non perder dúas das festividade con máis sona e particularidade de toda a provincia”, subliñan.